



PLAN DE CONTINXENCIA

ANEXO VI

CURSO 2020/2021

INTRODUCCIÓN

O Protocolo de Adaptación ao contexto da covid 19 nos centros de ensino non universitario de Galicia establece no apartado 10.5 que o centro elaborará un Plan de Continxencia.

Este Plan ten por finalidade establecer os procesos para o reinicio da actividade académica presencial no caso de que se teña interrompida a suspensión da actividade lectiva como consecuencia da aparición dun abrocho que supoña o cese da actividade presencial nun aula, etapa educativa ou centro.

ACTUACIÓNS PREVIAS DIANTE DA APARICIÓN DUN ABROCHO

1. Non asistirán ao centro aqueles estudantes, docentes e outros profesionais que teñan **síntomas compatibles con COVID-19**, así como aqueles que se atopen en illamento por diagnóstico de COVID-19, ou en período de corentena domiciliaria por ter contacto estreito con algunha persoa con síntomas ou diagnosticada de COVID-19.

2. Diante dun suposto no que unha persoa ou alumno da que se sospeita que comeza a desenvolver síntomas compatibles con COVID-19 no centro educativo seguirase o presente plan de continxencia e levarase a un **espazo separado de uso individual (aula A1)**, colocarásele unha máscara cirúrxica (tanto ao que iniciou síntomas como á persoa que quede ao seu coidado), e contactarase coa familia, no caso de afectar a alumnado.

3. Débese chamar ao centro de saúde de Atención Primaria de referencia, ou ao teléfono de referencia do SERGAS e seguiranse as súas instrucións. En caso de presentar síntomas de gravidade ou dificultade respiratoria chamarase ao 061. O/A traballador/a que inicie síntomas debe abandonar o seu posto de traballo protexido por máscara, e logo de seguir as instrucións do centro de saúde ata que a súa situación médica sexa valorada por un profesional sanitario.

4. No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal do centro, **a persoa coordinadora do equipo formado na COVID-19 contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade** para comunicarllo. Será a propia Xefatura Territorial de Sanidade quen investigará os contactos que existan dentro do centro e os identificará, enviando a listaxe de contactos á Central de Seguimento de Contactos (CSC) quen se encargará da vixilancia evolutiva das persoas identificadas como contactos. Estas terán a consideración de contactos estreitos dun caso de Covid-19 e deberán estar en corentena no seu domicilio durante o período que sinale a xefatura de sanidade.

5. A familia dun neno ou nena con sospeita de contaxio, deberá solicitar unha consulta telefónica co seu pediatra para que este avalíe a necesidade de solicitude dun test diagnóstico. Se non houberse cita para ese mesmo día, acudirá ao PAC para a valoración polo médico de atención primaria.

6. Tras a aparición dun caso diagnóstico da Covid 19 seguiranse as recomendacións da Xefatura Territorial de Sanidade, sendo posible que nun centro teña que **estar illada unha parte dun centro educativo** (aula ou grupo de aulas) mantendo o funcionamento do resto da forma habitual en función do número de contactos identificados en cada abrocho.

7. A autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación, **determinará** en cada caso **o número de persoal e alumnado afectado e a duración das medidas de corentena**, o que se comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo da información que sexa facilitada pola autoridade sanitaria.

8. A autoridade sanitaria, en función do número de contaxios, **poderá ordenar o peche dunha ou varias aulas, dun nivel educativo ou do centro educativo na súa totalidade** de conformidade con seguintes supostos:

- A aparición dun único caso confirmado nunha aula poderá supoñer a entrada en corentena da totalidade do grupo que conforma a aula e do profesorado asignado a ese grupo.
- Cando exista unha detección de 3 casos positivos confirmados nos últimos 7 días poderase acordar a medida do peche do nivel educativo completo onde xurdira o abrocho ou, de ser o caso, da totalidade do centro educativo.

9. A aparición dun contaxio sospeitoso con posterior confirmación é un suposto de declaración obrigatoria que implicará por parte da autoridade sanitaria a **obriga de entrada en corentena de polo menos 10 días** a todas as persoas que teñan a consideración de contacto próximo.

10. A suspensión da actividade lectiva presencial suporá a aplicación das normas previstas no presente protocolo relativas ao **ensino a distancia**. Aos efectos de determinación do nivel de risco a autoridade sanitaria poderá volver a avaliar o pase ao nivel de riscos NR 2 para os supostos de consideración de vulnerabilidade e de cualificación de persoal sensible.

ACTUACIÓNS PARA O PERÍODO DE ACTIVIDADE LECTIVA NON PRESENCIAL

1. O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo.

O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado ou ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen o contido da materia ou a avaliación continua da mesma.

2. O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión ou falla de equipamento para que a Consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.

3. Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencia, a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.

4. Durante o período de suspensión da actividade presencial, o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

- Uso da aula virtual e blogs nos cursos de Ed. Infantil e de 1º a 4º de Ed. Primaria. O alumnado de 5º e 6º de Ed. Primaria empregará o proxecto Edixgal.
- As aulas virtuais están establecidas a partir de 3º de Ed. Primaria, por iso somos conscientes da implicación que deben ter as familias nos cursos inferiores. Desde o centro facilitaráselle información sobre o funcionamento e resolveranse as dúbidas que vaian xurdindo vía telefónica.
- A aula virtual e o proxecto Edixgal poderán estar complementados con videoconferencias.
- Manter o contacto permanente co alumnado e as súas familias, tanto para coñecer a evolución do estado de saúde como para continuar co ensino a distancia.
- Realizar tarefas de desinfección profundas no centro.
- Revisar o protocolo para buscar posibles erros e facer as modificacións que se estimen oportunas.
- Coordinar co profesorado implicado as quendas de organización das fases.

MEDIDAS PARA O REINICIO DA ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL

- Finalizado o período de peche presencial da aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de reactivación por fases para o reinicio da actividade lectiva.

As fases establecidas para a reactivación son orientadoras, existindo a posibilidade de modificar tanto a súa duración como a porcentaxe do alumnado incluído en cada

fase. O modelo a aplicar correspóndelle á Consellería de Educación co asesoramento da Consellería de Sanidade.

Sen prexuízo das medidas xenéricas establecidas no protocolo aprobado polas consellerías de Educación e Sanidade o centro ten previsto as seguintes fases de reincorporación:

FASE	DURACIÓN	ALUMNADO	OBXECTIVOS
FASE 1 (Adecuación dos espazos)	Variable, aconséllase 1 semana O equipo covid do centro establecerá as actuacións a desenvolver, en colaboración coas autoridades sanitarias.		<ul style="list-style-type: none"> - Desinfección de todos os espazos. - Análise da situación dos espazos e as súas necesidades. - Distribución dos pupitres acadando unha distancia entre eles de máis de 1m. - Reorganización das quendas de recreo. - Revisión do Plan de Adaptación buscando posibles erros na redacción ou na execución.
FASE 2 (Formación de pequenos grupos)	1 semana	<ul style="list-style-type: none"> - A porcentaxe do alumnado na aula de forma simultánea será do 30% en grupos de máis de 20 alumnos e do 50% en grupos de 20 ou menos alumnos/as. 	<ul style="list-style-type: none"> - Formar ao alumnado na importancia das medidas de distanciamento físico, utilización de máscara e hixiene de mans. - Informar ás familias dos cambios nos protocolos de entradas, saídas,..., se os houbera. - Formar ao alumnado nestes cambios e na importancia do distanciamento físico no recreo. - Combinar o ensino presencial e a distancia.

			<ul style="list-style-type: none"> - Revisar as actividades realizadas no período de ensino telemático. - Avaliación desa etapa.
FASE 3 (Reforzo das medidas aprendidas en pequenos grupos)	1 semana	<ul style="list-style-type: none"> - A porcentaxe de alumnado na aula será do 50% nos grupos de 20 ou máis alumnos/as, e do 100% en grupos de menos de 20 alumnos/as. 	<ul style="list-style-type: none"> - Comprobar a adquisición das actuacións desenvolvidas en pequeno grupo. - Continuar co ensino presencial e a distancia. - Aproveitar o ensino presencial para resolver dúbidas e poñer en práctica os contidos expostos na aula virtual.
Fase 4 (Reactivación)	1 semana	Regreso do 100% do alumnado	<ul style="list-style-type: none"> - Reforzar e fomentar os hábitos aprendidos. - Comprobar o grao de adquisición dos contidos traballados. - Realizar unha avaliación dos contidos adquiridos neste período. - Volver á dinámica de clases presenciais, sen abandonar o emprego da aula virtual/Edixgal.